

NOTA DE PRENSA

O COPG imparte formación sobre a aplicación da hipnose nas terapias psicolóxicas

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2014.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia programa para os vindeiros días 11 e 12 de abril o “Curso práctico de iniciación á hipnose”. Trátase dunha iniciativa formativa que pretende dotar ao alumnado asistente dunha serie de habilidades e coñecementos básicos acerca da aplicación da hipnose, con independencia do enfoque que ostenten. O encargado de impartir a materia é o psicólogo e hipnoterapeuta Estevo Creus Andrade, que conta cunha dilatada traxectoria profesional neste eido.

Este curso do COPG vaise celebrar en Vigo, no Colexio San José de la Guía, sito no barrio de Teis. O programa está coordinado polo vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde e psicólogo clínico Ignacio Dopico González. O horario será de 17:00 a 21:00 horas o venres, mentres o sábado as clases irán de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20.00 horas.

A actividade está dirixida a psicólogos e psicólogas que estean ou non en activo, ademais de a estudantes de 5º curso da Licenciatura de Psicoloxía e de 4º curso do Grao de Psicoloxía.

O docente

Estevo Creus Andrade conta cun currículo amplo como Director do Centro de Intervención Psicolóxica de Santiago de Compostela, cargo que ocupa desde hai máis de 12 anos. No citado centro, este psicólogo especialista emprega de xeito habitual a hipnose como recurso terapéutico.

Como docente, ten impartido cursos específicos sobre esta materia, ademais dalgúns seminarios no máster da AEPCCC (Asociación Española de Psicología Clínica Cognitiva-Conductual) e da European Society of Psychology, arredor da hipnose e da aprendizaxe de habilidades terapéuticas.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
686 994 089
Raquel Miranda
634 599 932
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es